

CANTA CONNOSCO!

Textos de **MARÍA CAMPOS** e **CARLOS YUS (MIGALLAS)**

Ilustracións de **ÓSCAR VILLÁN**

Música de **MIGALLAS**, arranxos de **PACO DICENTA**

Interpretación musical e voces de **PACO DICENTA, XOSÉ MANUEL**

BUDIÑO, FRANCISCO BOUZA, GUILLERMO FERNÁNDEZ, SUSO ELÍAS QUIROGA, LUCÍA COTA, EVA M^a TROITIÑO, SUSO VAAMONDE

Dirección e realización dos videoclips **JOSÉ MIGUEL SAGÜILLO**

Encadernado en cartonné. 16 x 16 cm. 48 páx. 22 €.

ISBN 978-84-8464-276-3. Libro-CD-DVD con karaokes.

EDICIÓN ESPECIAL 20º ANIVERSARIO

O sector da música infantil en galego experimentou un gran crecemento nos últimos tempos, con moitos e variados proxectos para os máis pequenos, pero en 1996 era case inexistente...


[Fragmento do limiar de Manuela Rodríguez, mestra e editora]

No 20º aniversario da gravación de “Canta connosco!”, a edición conmemorativa en formato libro-cd-dvd recupera as cancións que fixeron cantar e bailar a moitas xeracións de rapaces. Unha ocasión para que a infancia de hoxe siga cantando e bailando con Migallas.

A aparición deste traballo musical en 1996 foi todo un fito na música do país. Por primeira vez, un grupo galego con ampla experiencia de actuacións en directo para público infantil e xuvenil, facía un disco na nosa lingua coa calidade dun traballo musical para adultos. Tanto na forma coma no contido, cada tema foi elaborado coa maior calidade técnica, apostando pola variedade de ritmos. Colaboraron daquela destacados músicos como Paco Dicenta, Budiño ou Suso Vaamonde.

Inclúe cancións infantís de carácter máis tradicional, xunto co rap, o rock, a cumbia, o reagge e o pasodobre, ata unha melodía de inspiración africana ou un canto de berce, pasando polo tema instrumental folk que pecha o disco. Pensado para o público infantil, tamén pode gustar a toda a familia pola diversidade de contidos: os xogos tradicionais e colectivos fronte á televisión e ás novas tecnoloxías; a animación á lectura; a importancia do uso do galego; a ecoloxía; a cultura tradicional...

As ilustracións de Óscar Villán -de vivas cores, grande expresividade e dinamismo- acentúan o ton lúdico da obra, que se complementa con divertidos vídeos musicais de José Miguel Sagüillo, que inclúen animacións e karaokes para fomentar a interactividade.



- **Temática:** cancións infantís con ritmos diversos.
- **Idade recomendada:** a partir de 2 anos; familia.
- **Aspectos destacables:** educación musical, cancionero infantil, expresión dramática, músicas do mundo, xogos, aspectos da vida cotiá, cultura popular; textos explicativos das cancións; vídeos, animacións e karaokes.
- **Pezas:** O esqueleto - O libro máxico - O rap da lingua - Dime que fixeches - Mamá gatiña - Perico Pérez - Os xogos - O rock da ducha - Os virus xacobeos - Ai, Patín! - O eucalipto e o carballo - Cando chega a mañá.

Migallas

Creado por María Campos e Carlos Yus como grupo de teatro afeccionado en 1992, dende 1996 é unha compañía profesional. Suma milleiros de actuacións por toda Galicia. Ademais de espectáculos teatrais e contacontos, realizan talleres de expresión dramática a través de concellos, asociacións e escolas, como “Á procura do tesouro” en Pontevedra, que coordinan dende 1999. Tamén realizan visitas teatralizadas polo Centro Histórico e polo Museo de Pontevedra. Crearon o libro-disco “Pan de millo”, o disco “Zaragallada” coa Banda Migallas e editaron o libro “Un avó especial” a partir dunha das súas obras, sobre a doenza do Alzheimer. Recibiron o Premio Xoan Manuel Pintos 2016 pola súa traxectoria e polo seu traballo a prol da nosa lingua.
<http://www.migallas.com>

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, “O coelliño branco” (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre a trintena de libros que ilustrou para diversas editoriais destaca a colección *Do berce á lúa*, “Amora”, “A Cebra Camila”, “O Rei Oso Branco”, “Non hai escapatoria” (KALANDRAKA) e “Un becho extraño” (FAKTORÍA K). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis.
<http://www.ovillan.com>

José Miguel Sagüillo

(Vigo, 1978)

Licenciado en Belas Artes (Audiovisuais). Artista plástico e visual, especialista en animación 3D, deseño gráfico, ilustración, edición e postproducción de vídeos corporativos, promocionais e curtametraxes. Realizou os videoclips de “Pan de millo” e “Brinca Vai!” (KALANDRAKA). Director da webserie “Dálle Jas!”. Cofundador de WinterSun Studio. Elaborou murais artísticos en espazos urbanos de Vigo.
<http://srsaguillo.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com